

Valedoría Universitaria

Universidade de Vigo

Memoria 2020

Índice

Presentación

1. Marco normativo

2. Marco conceptual e funcional

3. Expedientes

3.1. Expedientes admitidos e tramitados

3.1.1. Estudantes

3.1.2. Persoal de administración e servizo

3.1.3. Persoal docente e investigador

3.2. Expedientes non admitidos a trámite

3.3. Suspensión da incoación do expediente

4. Consultas

4.1. Estudantes

4.2. Persoal de administración e servizo

4.3. Persoal docente e investigador

5. Recomendacións

6. Relacións institucionais e actividade exterior

7. Execución do orzamento

8. Comentario e reflexión final

Presentación

O artigo 5.3 do Regulamento do valedor ou valedora universitaria da Universidade de Vigo establece que o valedor ou valedora é responsable da súa xestión diante do claustro, órgano ante quen deberá presentar unha memoria anual sobre as actividades desenvolvidas en exercicio das súas funcións. Este documento cumpre con esa obriga respecto ao ano 2020.

Esta memoria expón e analiza o traballo desenvolvido desde a Valedoría Universitaria (VU) nun ano moi diferente aos anteriores debido á crise sanitaria ocasionada pola covid-19 que provocou unha forma distinta de actuar e de xestionar as reclamacións e as queixas, utilizando diferentes canles de comunicación non presenciais para poder cumprir co establecido nos Estatutos da Universidade de Vigo e actuando de xeito máis informal e áxil a través da resolución das consultas presentadas polos membros da comunidade universitaria.

Sen dúbida, as consecuencias do estado de alarma acordado o 14 de marzo do ano 2020 e as restricións adoptadas á súa finalización requirirían un estudo detido, pero no que respecta á actuación da VU o efecto máis directo foi a perda do contacto persoal cos membros da comunidade universitaria que acoden en busca de amparo. É certo que esta circunstancia non interferiu na resolución da maior parte dos asuntos, pero dificultou en ocasións a atención que exixían, non só pola falta de presencialidade senón tamén pola urxencia na resposta.

Coma en anos anteriores, o informe intenta ser conciso e claro co obxecto de dar unha resposta axeitada á obriga de transparencia, facilitando a consulta de toda a actividade desenvolvida por este órgano da universidade. Para acadar ese obxectivo, coidouse o texto e moi especialmente o deseño e a linguaxe visual.

O documento estrutúrase en dous grandes bloques de moi diverso peso e extensión. O primeiro (apartados 1 e 2) refírese ao marco normativo, conceptual e funcional de actuación da VU.

O segundo bloque, que é o máis relevante en canto supón o rendemento de contas da VU ante a comunidade universitaria, expón polo miúdo a xestión deste órgano entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2020:

- O apartado 3 dá conta dos expedientes instruídos tras as reclamacións e as queixas dos e das integrantes da comunidade universitaria que se admitiron a trámite, clasificadas por sector, así como das que non foron admitidas e das que se suspendeu a súa incoación.
- No apartado 4 relaciónanse as consultas realizadas polos membros da comunidade universitaria, clasificadas por sector.
- No apartado 5 reflíctense as recomendacións dirixidas aos órganos e aos servizos da universidade.
- No apartado 6 trátanse as relacións institucionais e a actividade exterior da VU.
- No apartado 7 réndense as contas económicas: desagregase o orzamento do que dispuxo a VU no ano 2020 e móstrase a súa execución.
- No apartado 8 reflexiónase sobre a actividade desenvolvida no ano 2020.

Antes de entrar no contido concreto desta memoria, é preciso destacar que, á vista da situación sanitaria, ao longo do ano 2020 a Universidade de Vigo fixo un grande esforzo de adaptación a un novo escenario de non presencialidade, considerando que somos unha universidade de carácter presencial, para poder continuar desenvolvendo toda a súa actividade académica. Estes cambios xeraron moita incerteza ao longo dos meses do período de emerxencia en canto se foron ditando disposicións e directrices tanto desde o goberno central coma autonómico, que obrigaban a novas e continuas adaptacións polas autoridades académicas a través das correspondentes normativas e instrucións que supuñan modificacións das regulacións existentes. Tanto para o profesorado coma para o estudantado e o persoal de administración e servizos foi necesario utilizar novas e diferentes metodoloxías e aplicacións informáticas e, en xeral, distintas formas de coordinación e de comunicación que non se usaban antes da pandemia.

Neste contexto, unha das maiores preocupacións do profesorado e do estudantado centrouse nas probas de avaliación, tendo en conta as dificultades derivadas das condicións concretas en que se ían desenvolver os exames á vista da dispoñibilidade de medios telemáticos, a utilización das aplicacións informáticas e a forma de cualificar. O papel das autoridades académicas foi crucial á hora de establecer as condicións axeitadas para que todo o estudantado puidese ser avaliado respectando os principios de igualdade e de autenticidade.

Debe salientarse o esforzo realizado desde toda a comunidade universitaria cara a superar todas as incidencias que xurdiron ao longo do curso académico e que permitiu que este se desenvolvese con toda a normalidade que as circunstancias permitiron. A actuación das autoridades académicas foi importante, pero non sería suficiente sen a implicación do persoal de administración e servizos, o profesorado e o estudantado, que amosaron un alto grao de responsabilidade na súa actuación.

Por todo iso, e tal como se reflicte nas páxinas seguintes, a situación descrita non levou a un aumento dos expedientes abertos, aínda que si se recibiron bastantes máis consultas informais que o que viña sendo habitual ata este ano.

Por outro lado, mantense a mesma tipoloxía de asuntos que noutros cursos académicos, aínda que coa dificultade engadida do compoñente virtual que nalgúns casos aumentou a complexidade da súa xestión e resolución.

1. Marco normativo

O fundamento da Valedoría Universitaria é a figura do defensor/a universitario, regulada na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (artigo 46.2.h e disposición adicional 14.^a), e a do comisionado/a universitario, na Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia (artigo 90).

Pola súa parte, a Universidade de Vigo regula a figura do valedor/a universitaria na sección 4.^a do capítulo I do título II (artigos 58 a 60) dos Estatutos da Universidade de Vigo (Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro): <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/267>. As disposicións contidas nos Estatutos da Universidade de Vigo foron desenvolvidas polo Regulamento do valedor ou valedora universitaria da Universidade de Vigo, aprobado polo Claustro Universitario o 16/10/2020: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/423>. Ao longo dos seus 27 artigos, este regulamento establece as características propias desde órgano, a forma de elección e de cesamento, o seu estatuto, as súas funcións, a tramitación dos expedientes e o procedemento de mediación, todo co obxectivo de que calquera membro da comunidade universitaria dispoña da información necesaria para defender os seus dereitos e que, ao mesmo tempo, o/a valedor/a conte cos medios necesarios para protexelos e defendelos.

2. Marco conceptual e funcional

Debe terse en conta que desde a aprobación e a entrada en vigor dos novos Estatutos da Universidade de Vigo, o día 23 de febreiro do 2019, o Tribunal de Garantías deixou de ser un órgano colexiado para converterse nun órgano unipersoal; deste xeito, equipárase ao que é habitual nas universidades españolas. Este cambio non supón ningunha alteración da natureza do órgano encargado de defender os dereitos dos membros da comunidade universitaria nin das súas funcións.

No mesmo sentido ca o Tribunal de Garantías, a actual normativa da VU permite trazar o perfil deste órgano: unha institución de carácter interno que defende os dereitos e os intereses lexítimos de todos os membros da comunidade universitaria. Para completalo e entender a súa peculiar idiosincrasia, cómpre realizar algunhas consideracións adicionais:

- A VU participa dos atributos da figura do *ombudsman* clásico e inspírase no modelo do defensor do pobo español. Isto implica que a VU:
 - Ten plena autonomía e independencia de criterio.
 - Non se suxeita a ningún mandato imperativo (ningunha autoridade académica pode ditalle instrucións).
 - É titular das prerrogativas de inviolabilidade e de inmunidade (non pode ser expedientado nin sancionado polas opinións que formule nin polos actos que realice no exercicio lexítimo das súas funcións).
- Acudir á VU non é incompatible con ningunha instancia interna nin externa á universidade. Todo o contrario: complementa e potencia o funcionamento do sistema mediante a súa contribución, que se caracteriza pola visibilidade, accesibilidade, axilidade e ausencia de formalismos, imparcialidade, confidencialidade, fiabilidade, transparencia e respecto, sen renunciar nin á firmeza nin á determinación.
- Tal e como se indica no artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, de acordo coa súa función de defensa dos dereitos e liberdades dos membros da comunidade universitaria, a VU pode supervisar a actividade da administración universitaria. Iso non implica que a entorpeza nin que lle poña atrancos, senón que tenta contribuír a melloralas. Investiga como funcionan os órganos e os servizos administrativos para detectar atrasos, silencios, arbitrariedades, abusos, irregularidades ou mala fe. Solicita informes (á Asesoría Xurídica ou a outros órganos consultivos ou de xestión) sobre os asuntos que o requiran para a boa marcha da investigación e conta coa preceptiva colaboración dos órganos de goberno e de todos os membros da comunidade universitaria (obrigados a cooperar e a non negarlle o acceso a ningún expediente ou documento relacionado cos asuntos que investigue), media con habilidade e empatía entre as partes, abre opcións ou recomenda cambios e innovacións.
- Para aclarar definitivamente a natureza e as funcións da VU, cómpre definila en negativo; isto é, hai que sinalar o que non é para así contribuír a corrixir certos malentendidos e percepcións erróneas sobre esta figura.

- A VU non é**
- **Un órgano xurisdiccional**, que xulga condutas, dita sentenzas, imparte xustiza e decide cal das partes é inocente ou culpable.
 - **Unha xestoría** que coida ou promove asuntos e intereses diversos.
 - **Un avogado/a de oficio** para atender todos os casos que se susciten.
 - **Un órgano disciplinario** con potestade sancionadora.

Ademais de tramitar expedientes, a VU desenvolve outras actividades, como as de mediación e conciliación, resposta de consultas e de peticións de información que implicaron entrevistas telefónicas ou persoais, así como as contestacións escritas que en ocasións levaron a emitir recomendacións e propostas dirixidas a diversas instancias.

Para o axeitado desenvolvemento das súas funcións, a VU conta cunha comisión asesora formada por tres membros, un por cada un dos sectores da comunidade universitaria, que foron elixidos na reunión do Claustro Universitario do 13 de abril de 2021.

● Consultas

No ano 2020 a maioría das consultas realizáronse por correo electrónico, aínda que tamén se atenderon por teléfono ou en persoa, cando a situación derivada da pandemia o permitiu. Nalgúns casos, deron lugar á posterior presentación dunha reclamación ou dunha queixa e á subseguinte apertura dun expediente.

● Entrevistas

A VU mantivo reunións e encontros con membros dos sectores da comunidade universitaria, estudantado, PDI e PAS, pero tamén co persoal directivo, membros do equipo de goberno, directores ou directoras de centro, decanos ou decanas etc. Algunhas delas tiveron como finalidade principal informar sobre o contido, procedemento e alternativas relacionadas cos asuntos obxecto da reclamación, queixa ou consulta presentadas; outras entrevistas estiveron orientadas a buscar e a activar un procedemento que permitise mediar e xestionar algún conflito; outros encontros, en cambio, só pretendían mellorar a comunicación cos distintos actores que integran o sistema institucional universitario, a fin de acadar unha mellor cooperación, coordinación e información entre as partes.

● Mediación e conciliación

Son actuacións realizadas tras a petición expresa dun membro ou dun colectivo da comunidade universitaria ou por suxestión da propia VU á vista do tipo de conflito do que se trata. A experiencia dos últimos anos mostra que se prefire unha mediación de carácter informal, afastada do protocolo e do procedemento formalista que se regula no capítulo V do Regulamento do valedor ou valedora universitaria. Os resultados acadados son, de xeito xeral, moi satisfactorios, ao permitir desactivar ou previr conflitos.

● Recomendacións

Algunhas das reclamacións e das queixas que motivaron a apertura dun expediente, así como algunhas das consultas, levaron asociada outra actuación que resulta moi característica das


defensorías universitarias: trátase das recomendacións, propostas ou suxestións coas que se pretende contribuír a corrixir os problemas, erros e disfuncións detectadas no funcionamento ordinario da universidade e que afectan aos dereitos dos e das integrantes da comunidade universitaria.


3. Expedientes


Aínda que normalmente a actividade principal da VU é atender as queixas e as reclamacións formais que lle achegan os membros da comunidade universitaria e que dan lugar á tramitación dun expediente, no ano 2020 a crise sanitaria provocada pola covid-19 deu lugar a un cambio tanto na forma de acceder á VU coma na xestión e na resolución da queixa presentada que requiría certa informalidade, sobre todo pola necesaria axilidade na resposta. Todo isto supuxo que o número de expedientes fose de 24 e as consultas, as que se fará referencia no apartado seguinte, chegasen a 62.


No que respecta aos expedientes, unha vez recibida a queixa ou a reclamación formal, tras unha valoración preliminar que permite determinar se concorren as circunstancias requiridas para actuar de acordo co previsto na normativa vixente de aplicación, admítense a trámite ou rexéitanse. No primeiro caso, incóase un expediente e realízanse as actuacións necesarias para coñecer a fondo o asunto e tentar resolvelo. Nalgunhas ocasións, tendo en conta que o/a reclamante non esgotou as instancias administrativas previas que permiten a actuación da VU, acórdase suspender a incoación do expediente e indícaselle á persoa interesada a instancia á que debe dirixirse de forma previa e requíreselle para que, no momento en que reciba unha contestación polo órgano de que se trata, lle comunique á VU se persiste o interese na tramitación desta reclamación. Todo iso con independencia dos labores de intermediación que se levan a cabo pola VU para a rápida resolución da reclamación polo órgano competente.


Como xa se adiantou, no ano 2020 tramitáronse **24 expedientes** que se analizan a continuación desde varios puntos de vista.

 Cadro resumo de expedientes. Relaciónanse os expedientes de forma sucinta e descritiva. Seguindo a orde do seu número de referencia, que se asigna cun criterio cronolóxico (a data en que se acordou a súa incoación), proporciónase a información imprescindible para coñecer as circunstancias xenéricas de cada caso. Para preservar os principios de confidencialidade, anonimato e reserva cos que sempre actúa esta valedoría, dissociáronse os datos persoais, de tal xeito que non se poidan identificar as persoas que participaron en cada expediente.

 Análise segundo a temática. Os expedientes agrúpanse en función da afinidade do seu contido.

 Non admitidos a trámite. Reclamacións presentadas na VU nas que non se cumprían os requisitos de admisión previstos no Regulamento da VU.

 Suspensión da incoación do expediente. Reclamacións nas que está pendente a resposta doutro órgano.

 Estatísticas. Mediante gráficos expóñense certos parámetros de interese dos expedientes: o sector ou o colectivo da comunidade universitaria ao que pertencen as persoas reclamantes, o campus ao que se adscriben, o centro de orixe das reclamacións presentadas polo estudiantado e o sexo das persoas que presentan a reclamación ou a queixa. Este último parámetro incorpórase atendendo ao establecido na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres. Nela os indicadores de xénero convértense en instrumentos fundamentais para integrar de forma efectiva a perspectiva de xénero nas políticas públicas.

O exame dos expedientes desde esta multiplicidade de perspectivas (complementarias entre si) ten como obxectivo proporcionar unha visión completa e polo miúdo das cuestións que resultaron problemáticas na Universidade de Vigo no ano 2020.

3.1. Expedientes admitidos e tramitados



3.1.1. Estudantes

No ano 2020 recibíronse 19 reclamacións do sector do estudiantado que se dividen segundo o seu contido nos seguintes subgrupos.

➤ REVISIÓN DA CUALIFICACIÓN DE MATERIAS (8)

O artigo 18 do Regulamento de estudantes establece o procedemento para impugnar as cualificacións dunha materia. A VU é a última instancia á que se pode recorrer, aínda que esixe esgotar todas as actuacións previas: corrección co profesorado que imparte a materia, revisión por un tribunal nomeado ad hoc no centro e recurso de alzada perante o reitor/a. De consideralo necesario (trátase dunha potestade discrecional), a VU pode promover a convocatoria dun tribunal doutra universidade española para que avalíe o exame.

No ano 2020 tramitáronse por esta vía oito expedientes, todos eles relativos a materias de grao. Só un dos expedientes, o número 19, se lle enviou a un tribunal externo doutra universidade e modificouse a cualificación inicial da materia.

Os restantes expedientes (números 10, 11, 12, 13, 17, 18 e 20) non se lle enviaron a un tribunal externo, debido a que nos informes remitidos desde os centros correspondentes se explican satisfactoriamente os criterios de avaliación, respectándose os principios e criterios fixados nas guías docentes, razón pola cal non foron vulnerados os dereitos das persoas reclamantes.

➤ CUALIFICACIÓN DE MATERIAS (2)

O primeiro expediente deste apartado, o número 9, refírese ao proceso de revisión dunha materia no que a persoa interesada indica que, unha vez presentada a correspondente reclamación, a revisión debería facela unha persoa distinta á responsable da materia. Despois das actuacións realizadas, a persoa interesada comunicou a renuncia a seguir coa tramitación da reclamación, polo que se pechou o expediente.

O expediente número 14 deriva dunha consulta previa da persoa interesada en relación coa cualificación de non presentado en dúas materias nas que se realizou un dos actos de cualificación que constan na guía docente da materia (parte práctica que supón un 30 % da cualificación final da materia). Da información recibida infírese que o feito de que a persoa reclamante se presentase a un dos actos de cualificación previstos na guía docente supón o dereito a que no seu expediente académico se reflecta a cualificación correspondente. O anterior trasladóuselle á Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria para que adoptase as medidas oportunas conducentes a incluír a cualificación das materias no expediente académico da persoa interesada. Tras estas actuacións, pechouse o expediente. Posteriormente, ante a falta de modificación do expediente académico por parte da vicerreitoría competente, trasladáronse a esta as actuacións e os informes en relación co expediente, sen que houbera máis actuacións ao respecto.

➤ AVALIACIÓN POR COMPENSACIÓN (1)

Tramitouse un expediente (número 8), derivado dunha consulta previa, relativo á denegación da avaliación por compensación dunha materia. Unha vez analizada a documentación relativa ao expediente e a normativa reguladora da avaliación por compensación en estudos de grao, informouse a persoa interesada de que ao tratarse dunha materia que forma parte dunha titulación que dá acceso a unha profesión regulada, a comisión de compensación valorou os resultados académicos e considerou que non se acadaron as competencias académicas propias da titulación, actuando de acordo coa normativa vixente na denegación da solicitude. Polo tanto, non se produciu ningunha violación dos dereitos da persoa reclamante.

➤ BOLSAS (1)

Neste expediente (número 5), que procede dunha consulta previa, a persoa reclamante indica que a Universidade de Vigo aplicou criterios de carácter económico para resolver unha bolsa derivada da colaboración entre a Universidade de Vigo e o Banco Santander.

Para a convocatoria das citadas bolsas establécense unha serie de requisitos obrigatorios e permítense que a universidade inclúa outros adicionais non recollidos con carácter xeral. Polo anterior, a universidade actuou dentro da marxe de discrecionalidade que lle permite a convocatoria da bolsa ao engadir un requisito económico a maiores dos establecidos con carácter xeral co obxectivo de fomentar a inclusión educativa de persoas con baixo nivel de renda.

Deste expediente derivouse a recomendación 2020/10 dirixida ao Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos para que na próxima convocatoria das Bolsas Santander Progreso engadan no apartado de requisitos todos os condicionantes que se terán en conta para conceder a bolsa, incluídos, de ser o caso, os de carácter económico. Desde este servizo informan que na convocatoria desta bolsa para o curso 2020/2021 non se tiveron en conta criterios económicos para concedela.

➤ RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS (2)

Previamente á apertura do expediente número 21, relativo á solicitude de recoñecemento de créditos entre titulacións da Universidade de Vigo, o escrito de reclamación foi presentado por unha persoa en representación da reclamante que non puido ser admitido como válido ao non estar dada de alta a Universidade de Vigo no Rexistro Electrónico de Apoderamentos. Esta situación levou a dirixirlle a recomendación 2020/18 ao secretario xeral para adoptar as medidas oportunas para a citada alta. Desde este órgano indicaron que está solicitada a adhesión da universidade no mencionado rexistro.

O expediente número 21 refírese, por un lado, á inadecuación do pedimento da presentación das guías docentes das materias cursadas na titulación de orixe para o seu recoñecemento na nova titulación, ambas da Universidade de Vigo, en canto á Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común establece que as persoas interesadas teñen dereito a non achegar documentos que estean en poder da administración actuante. Este pedimento reflíctese tanto na convocatoria de matrícula para o curso 2020/2021 coma no procedemento

interno de recoñecemento de créditos do centro, o cal é contrario ao establecido por unha norma de rango superior.

Por outro lado, a persoa interesada alude na súa reclamación a inexistencia de táboas de equivalencia entre as distintas titulacións da Universidade de Vigo que facilitarían o procedemento de recoñecemento de materias e que o estudantado soubese con antelación as materias concretas que se van recoñecer. A este respecto, a normativa de transferencia e de recoñecemento de créditos da Universidade de Vigo deixa á discrecionalidade dos centros a aprobación de criterios e táboas de recoñecemento que consideren, e ao amparo deste precepto, o centro conta con táboas de equivalencia das titulacións que son obxecto de peticións de recoñecemento de forma máis frecuente.

En último lugar, a persoa reclamante alega a vulneración do principio de igualdade de oportunidades, xa que polos prazos de recoñecemento non puido asistir ás clases desde o seu inicio, polo que solicita que se lle dean facilidades nas materias nas que se matriculou máis tarde para compensar o tempo de tramitación do procedemento de recoñecemento. Con respecto a este punto, o procedemento de recoñecemento tramitouse respectando os prazos previstos na normativa. Ademais, nestes casos, para evitarlle prexuízos ao estudantado, suxírese que este asista ás clases e informe o profesorado de que está pendente do recoñecemento de materias para poder formalizar a matrícula.

Deste expediente derivaron dúas recomendacións: a 2020/21, dirixida á Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, e a 2020/22, á dirección da Escola de Enxeñaría Industrial, para adaptar a normativa de recoñecemento ao contido do artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, no sentido de non requirirles ás persoas interesadas a presentación de documentación da que xa dispón a propia universidade. A vicerreitoría remitiu unha resposta á recomendación na que se reflicte que na seguinte convocatoria de matrícula se indicará expresamente que non se lles requira ás persoas interesadas a presentación de documentación que consta na universidade. Pola súa parte, a dirección da Escola de Enxeñaría Industrial sinala que está a estudar o xeito de que, no momento en que se presente a solicitude dun recoñecemento de créditos entre materias de titulacións da Universidade de Vigo, se poida tramitar esta sen que a persoa solicitante teña que achegar outra información que non sexa a identificación precisa das materias obxecto de recoñecemento.

O segundo expediente deste bloque (número 24) abriuse por unha reclamación sobre a denegación do recoñecemento de créditos no Grao en Enfermaría impartido no campus de Ourense.

Comunicóuselle á persoa interesada que ao tratarse dunha profesión regulada as competencias adquiridas ao superar a materia que quere ser recoñecida non se corresponden coas relativas á materia superada na outra titulación. Polo anterior, no proceso de recoñecemento respectáronse os principios fixados pola normativa vixente, razón pola cal non se vulneraron os dereitos da persoa reclamante. Este expediente tivo actuacións e pechouse no ano 2021.

➤ PROBLEMAS DERIVADOS DA ACTUACIÓN INADECUADA DO PERSOAL DOCENTE RESPONSABLE DA MATERIA (2)

O expediente número 7 deriva dunha consulta e refírese a incidencias acontecidas nunha materia dun grao impartido na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais relativas á falta de cambio da data para realizar unha proba de avaliación solicitada por coincidir coa realización dun tratamento médico, coas consecuencias negativas que esta actuación tivo para a persoa interesada.

Da análise da documentación do expediente despréndese que houbo unha vulneración do artigo 12 do Regulamento de estudantes, que establece que «aquela persoa que por enfermidade, lesión ou calquera outro impedimento temporal, fidedignamente demostrado, non poida efectuar un exame ou unha proba parcial, terá dereito a ser examinado noutra data».

Desta reclamación derivaron dúas recomendacións: a 2020/14, dirixida ao reitor, para adoptar as medidas oportunas en relación coa actuación do profesorado responsable en canto ao posible incumprimento do establecido no artigo 12 do Regulamento de estudantes, da que se recibiu resposta no ano 2021 no sentido de non considerar precisa a realización de actuacións; e a 2020/15, dirixida á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, para estudar a posibilidade da asignación dunha axuda que lle permitira á persoa reclamante a compensación do pagamento da matrícula para o seguinte curso pola imposibilidade de cumprir os requisitos académicos requiridos para a concesión da bolsa de carácter xeral. Esta axuda asignouse para a matrícula do curso seguinte.

A reclamación correspondente ao expediente número 23 trata da actitude do persoal docente dunha materia durante o desenvolvemento da actividade académica na aula. Nesta reclamación, a VU realizou un labor de mediación entre os implicados para pór fin ao conflito de xeito consensuado, polo que mantivo conversas non presenciais coa persoa reclamante, co profesorado implicado e coa dirección da Escola de Enxeñaría Industrial. Despois de transmitirlle a información relativa a estas conversas á persoa interesada e coa disposición do profesorado de modificar a actitude polo ben do desenvolvemento das clases, pechouse o expediente.

➤ IRREGULARIDADES NA REALIZACIÓN DUN EXAME (1)

Este expediente (número 15) abriuse por unha reclamación, tras unha consulta previa, en relación co exame dunha materia do Grao en Ciencias do Mar, pola súa duración e pola súa revisión. Despois de realizar as actuacións oportunas, comunicóuselle á persoa interesada, en primeiro lugar e en relación coa revisión da materia, que no proceso de corrección do exame se seguiron os criterios de avaliación previstos na guía docente e se respectaron os principios e os criterios fixados nela; en segundo lugar, polo que respecta ao tempo concedido para realizar o exame final da materia, a guía docente sinala o tempo do que dispón o estudantado para desenvolvelo e concedéronlle trinta minutos máis do previsto. Por todo o exposto, enténdese que non foron vulnerados ningún dos dereitos da persoa interesada, polo que se pechou o expediente.

Destas actuacións derivou a recomendación 2020/17, dirixida ao Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde, para que motive de forma suficiente a decisión de non nomear a comisión de revisión se considera que non procede esta; noutro caso, nos supostos en que

entende que procede o seu nomeamento, que se reflicta de forma clara por quen estará formada, identificando o profesorado que a conforma e indicando se pertence á área propia da materia de que se trate ou, no seu defecto, a áreas afíns. Finalmente, a necesidade de que o profesorado que forme parte dunha comisión de revisión de exame faga constar no seu informe os argumentos que levan ao mantemento ou á modificación da cualificación da materia obxecto da reclamación de acordo co previsto na guía docente.

➤ ACCESO A UN MESTRADO (1)

O expediente número 16 refírese á documentación presentada no proceso de acceso ao Mestrado universitario en profesorado en educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensino de idiomas (Mestrado en profesorado). A persoa reclamante indica que ás persoas interesadas que non presentaron a certificación académica no período de inscrición se lles deu a posibilidade de presentala coa nota media en base 10 no período de emenda, mentres que ás que a presentaron noutras bases non lles deron esa posibilidade.

Segundo a información recibida, déuselles a posibilidade de presentar a certificación académica en base 10 ás persoas que non presentaron ningún tipo de certificación válida, e ás que a presentaron coa nota media en base 4 ou sen nota convertéuselles a base 10. Isto fíxose en relación con todas as persoas aspirantes, de xeito que non se pode entender que houbera un agravio ou un trato discriminatorio no proceso de acceso. Polo tanto, considerouse que non se vulneraron os dereitos da persoa reclamante. Isto comunicóuselle á persoa interesada e pechouse o expediente.

Deste expediente derivou a recomendación 2020/20, dirixida ao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao, para que no proceso de admisión ao Mestrado en profesorado estableza, xunto coas áreas académicas de posgrao de Ourense, Pontevedra e Vigo, así como coa propia coordinación do Mestrado en profesorado, criterios de admisión claros e coherentes para todas as áreas académicas implicadas, así como a publicación destes na convocatoria anual de matrícula. Desde o citado servizo informan que na convocatoria de matrícula do próximo curso académico establecerán uns criterios homoxéneos de admisión. Así se recolle na citada convocatoria de matrícula: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/show/710>.

➤ DESENVOLVEMENTO DUN EXAME (1)

O expediente número 22 céntrase no desenvolvemento da primeira proba de avaliación continua (tipo test) dunha materia do Grao en Dereito do curso académico 2020/2021. No transcurso da realización da proba de xeito telemático a través da plataforma de teledocencia, de acordo coas recomendacións incluídas no Plan de prevención e control sanitario fronte á covid-19 para o curso 2020/2021 da Facultade de Dereito, producíronse problemas técnicos que lle afectaron a un número elevado de estudantes, polo que non foi posible rematar a tempo a proba, a pesar de aumentar o inicialmente concedido para a súa realización. A consecuencia do anterior, o profesorado responsable propuxo realizar unha proba oral para o estudiantado desconforme coa cualificación obtida debido aos problemas técnicos, pero parte deste presentou un escrito comunicando que non se presentaría á proba por falta de tempo para preparar unha proba prevista de xeito distinto ao disposto na guía docente.

Da análise da información obtida enténdese que a realización dun exame oral ao estudiantado desconforme coa cualificación se apartou das previsións contidas na guía docente da materia e provocou unha desigualdade no trato de parte do colectivo que se presentou ao exame. O anterior comunicóuselle á persoa interesada e pechouse o expediente.

Desta reclamación derivou a recomendación 2020/23, dirixida ao decanato da Facultade de Dereito, para que se adoptasen as medidas oportunas para facilitarlle ao estudiantado afectado unha nova proba de avaliación de tipo test axustada ao previsto na guía docente e debidamente anunciada con antelación. Esta recomendación non foi atendida polo decanato ao considerar que os problemas técnicos durante o desenvolvemento do exame foron resoltos dun modo razoable.



3.1.2. Persoal de administración e servizos

Neste apartado trátanse expedientes abertos a partir de reclamacións presentadas por persoas que prestan os seus servizos na Universidade de Vigo, pertencentes ao colectivo do persoal de administración e servizos (PAS).

➤ PROCESO SELECTIVO (1)

O expediente número 4 está relacionado cunha reclamación en relación coa actuación da Universidade de Vigo no proceso selectivo para a promoción interna ao grupo A2. As persoas reclamantes alegan a falta de motivación suficiente da decisión de adiamento das probas selectivas e as irregularidades no procedemento de adopción da decisión.

Das actuacións realizadas despréndese que non parece estar clara a suficiencia da motivación da decisión do adiamento das probas, xa que se permitiu realizar os exames doutros procesos selectivos na propia universidade e se incorporou de forma progresiva todo o persoal ao seu posto de traballo de forma presencial. Ademais, de acordo coa información obtida, houbo algunhas irregularidades en relación co instrumento xurídico empregado para adiar as probas selectivas.

Deste expediente derivaron dúas recomendacións: a 2020/11, dirixida ao reitor, para que na toma de decisións se reflecta de xeito suficiente a motivación necesaria que permita a súa fiscalización e se sigan as canles establecidas polas normas de aplicación para garantir a seguridade xurídica; e a 2020/12, dirixida á Xerencia, para que se adopten todas as medidas de seguridade necesarias para garantir a realización das probas selectivas para ingresar na escala de xestión, subgrupo A2, por promoción interna, na data fixada no mes de setembro.



3.1.3. Persoal docente e investigador

Neste apartado trátanse expedientes abertos a partir de reclamacións presentadas por persoas que prestan os seus servizos na Universidade de Vigo, pertencentes ao colectivo do persoal docente e investigador (PDI).

➤ CONCURSO PÚBLICO DE MÉRITOS (1)

Este expediente (número 6), derivado dunha consulta previa, abriuse tras presentarse unha reclamación pola resolución dunha convocatoria realizada pola Comisión Académica do Mestrado (CAM) en profesorado para seleccionar profesorado da universidade para asignar docencia.

Tras analizar a situación, considerouse que a resolución da CAM non esgotaba a vía administrativa, polo que a reclamación debía ser resolta polo reitor, a quen se trasladou o expediente, facéndose un seguimento do asunto ata a súa resolución. Posteriormente, no ano 2021 recibíuse información da resolución do recurso presentado polo interesado, quen comunicou que non quería continuar coas actuacións ante a VU.

➤ NORMATIVA DE DEDICACIÓN E RECOÑECIMENTOS DOCENTES (1)

Tras unha consulta previa, abriuse o expediente número 3 como consecuencia dunha reclamación en relación coa aplicación da Normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado despois dunha excedencia de investigación durante cinco anos ao abeiro da Lei da ciencia e pola falta de información respecto á citada aplicación.

Da información obtida despréndese que se lle enviou unha mensaxe electrónica a todo o PDI para que consultase na secretaría virtual a capacidade docente e abriuse un prazo para efectuar alegacións, polo que non se vulnerou o dereito á información da persoa reclamante.

Polo que respecta á dedicación docente, nin a Lei da ciencia nin a resolución de concesión da excedencia temporal establecen unha obriga da avaliación do período en excedencia temporal para o recoñecemento de sexenio, pero a universidade, de acordo coa normativa, podería incluír algunha disposición que permita a asignación dunha dedicación docente menor ás persoas nesta situación.

Deriva deste expediente a recomendación 2020/8, dirixida ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado para que, á vista da autonomía universitaria, analice a procedencia de incluír na súa Normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado algunha disposición que lles permita a non asignación dunha dedicación docente de 280 horas ás persoas que por mor dunha excedencia temporal ao abeiro da Lei da ciencia poidan xustificar que non puideron solicitar un sexenio que sexa decisivo no cómputo da súa dedicación. Recibíuse a resposta á recomendación no ano 2021, na que se reflicte que en decembro de 2020 se aprobou a versión en vigor da citada normativa, na que está recollida a situación obxecto da recomendación.

➤ DISCRIMINACIÓN POR DISCAPACIDADE NA CONTRATACIÓN (1)

A persoa interesada neste expediente (número 2) presentou unha reclamación para evitar situacións de discriminación por razón de discapacidade na contratación de persoal con cargo a un proxecto de investigación.

Deste expediente derivou a recomendación 2020/3, dirixida, dunha parte ao reitor e, doutra, á Xerencia e á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado. A primeira, co obxecto de realizar campañas de sensibilización que eviten un trato discriminatorio cara á atención das

persoas con discapacidade, dirixidas á comunidade universitaria en xeral e, en particular, ao persoal de administración e docente. Esta recomendación ten resposta por parte da reitoría no ano 2021, na que se reflicte a previsión de realización de campañas de concienciación da necesidade de evitar eventuais situacións de discriminación a través de medios electrónicos e dirixida a toda a comunidade universitaria. A recomendación dirixida á Xerencia e á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado ten como obxecto redactar e, posteriormente, aprobar un procedemento claro de selección de persoal con cargo a proxectos de investigación que lle permita ao Servizo de Persoal Docente e Investigador ter en conta posibles excepcións ao réxime de incompatibilidade ao amparo do artigo 6 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas para evitar situacións de discriminación por razóns de discapacidade na contratación. A Xerencia comunicou que as actuacións realizadas serían comunicadas pola vicerreitoría, quen no ano 2021 fixo saber a esta VU que se está a negociar un novo regulamento do profesorado no que se tratarán as situacións obxecto da recomendación.

➤ VULNERACIÓN DE DEREITOS (1)

No expediente número 1 a persoa interesada presentou unha reclamación sobre a vulneración dos seus dereitos como investigadora, acoso laboral, inseguridade xurídica e vulneración dos estatutos e deterioración da imaxe da Universidade de Vigo.




Á vista das actuacións que se levaron a cabo, considerouse que o persoal actuou coa dilixencia debida, dando resposta aos requirimentos presentados pola persoa interesada e axustándose en todo caso ao previsto na normativa vixente na universidade.

Na tramitación do expediente maniféstase a existencia de conflitos interpersoais, e ante a falta de competencia da VU, acordouse pechar o expediente e remitirle a documentación á Xerencia da universidade para que puxese en marcha o procedemento de actuación fronte a conflitos interpersoais e acoso no traballo, o que se lle comunicou á persoa interesada. Posteriormente, desde á Xerencia comunican a apertura do citado procedemento e que se está a tentar unha mediación no conflito entre as persoas implicadas.

Cadro resumo de expedientes

Núm. do exp.	Sector	Asunto	Inicio (registro de entrada)	Apertura	Peche
1/20	PDI	Vulneración de dereitos da persoa investigadora/conflitos interpersoais	03/01/2020	22/01/2020	20/02/2020
2/20	PDI	Discriminación por discapacidade na contratación de persoal	27/11/2019	15/01/2020	18/02/2020
3/20	PDI	Desgravacións no POD	27/04/2020	28/04/2020	13/05/2020
4/20	PAS	Probas de proceso selectivo	23/06/2020	26/06/2020	31/07/2020
5/20	Estudantado	Criterios de selección de bolsas	24/06/2020	26/06/2020	20/07/2020
6/20	PDI	Concurso público de méritos	03/05/2020	14/07/2020	
7/20	Estudantado	Inadecuada actuación do profesorado	22/06/2020	14/07/2020	11/09/2020
8/20	Estudantado	Avaliación por compensación	23/07/2020	28/07/2020	24/09/2020
9/20	Estudantado	Cualificación de materia	29/07/2020	31/07/2020	13/10/2020
10/20	Estudantado	Recurso de alzada: cualificación de materia	21/08/2020	01/09/2020	01/12/2020
11/20	Estudantado	Recurso de alzada: cualificación de materia	24/08/2020	01/09/2020	01/12/2020
12/20	Estudantado	Recurso de alzada: cualificación de materia	07/09/2020	11/09/2020	01/12/2020
13/20	Estudantado	Recurso de alzada: cualificación de materia	07/09/2020	11/09/2020	01/12/2020
14/20	Estudantado	Cualificación de materia	29/09/2020	08/10/2020	19/10/2020
15/20	Estudantado	Duración de exame e segunda corrección	09/10/2020	20/10/2020	05/11/2020
16/20	Estudantado	Criterios de admisión nun mestrado	23/10/2020	26/10/2020	01/12/2020
17/20	Estudantado	Recurso de alzada: cualificación de materia	27/10/2020	29/10/2020	01/12/2020
18/20	Estudantado	Recurso de alzada: cualificación de materia	27/10/2020	29/10/2020	01/12/2020
19/20	Estudantado	Recurso de alzada: cualificación de materia	27/10/2020	29/10/2020	21/12/2020
20/20	Estudantado	Recurso de alzada: cualificación de materia	27/10/2020	02/11/2020	01/12/2020
21/20	Estudantado	Recoñecemento de créditos	19/11/2020	20/11/2020	15/12/2020
22/20	Estudantado	Desenvolvemento dun exame	03/12/2020	04/12/2020	21/12/2020
23/20	Estudantado	Comportamento e actitude de profesorado	27/11/2020	07/12/2020	22/12/2020
24/20	Estudantado	Recoñecemento de créditos	09/12/2020	10/12/2020	01/02/2021

Cadros estatísticos dos expedientes incoados



Expedientes de estudantes por centro



3.2. Expedientes non admitidos a trámite

Despois de facer un estudo pormenorizado da documentación relacionada con cada unha das reclamacións presentadas, comunicóuselles ás persoas interesadas a non admisión a trámite destas por falta de competencia da VU en catro casos e por non ter esgotadas as instancias previas nos dous restantes.

Tratábase de tres asuntos presentados por PAS, dous deles relativos á conciliación da vida laboral e familiar e un en materia de vacacións; e tres por PDI en relación coa revisión das actuacións desenvolvidas pola universidade que levaron á modificación das cualificacións de membros do estudiantado, coa conciliación da vida laboral e familiar e coa protección de dereitos como membro dun departamento. En todos os casos, indicóuselle á persoa interesada a canle que debería seguir para tramitar e resolver a súa reclamación, despois do seu estudo detido de acordo coa normativa vixente.

Cadro resumo

Sector	Campus	Sexo	Asunto
PDI	Vigo	H	Protección de dereitos do membro dun departamento
PAS	Vigo	H	Conciliación da vida laboral e familiar
PAS	Vigo	H	Conciliación da vida laboral e familiar
PAS	Vigo	Mixto	Vacións
PDI	Vigo	Mixto	Revisión de actuacións da universidade
PDI	Vigo	M	Conciliación da vida laboral e familiar

3.3. Suspensión da incoación do expediente

Este bloque inclúe reclamacións nas que as persoas interesadas presentaron unha queixa previa nos órganos previstos na lexislación universitaria vixente que estaba pendente de contestación, polo que se acordou a suspensión da incoación do expediente e se lle requiriu á persoa interesada para que lle comunicase á VU se persistía o interese na tramitación da reclamación, unha vez recibida a contestación pendente. Destas reclamacións só unha deu lugar á apertura de expediente. Nestes casos, unha vez acordada a suspensión da tramitación, desde a VU fíxose un labor de intermediación co obxecto de axilizar a actuación do órgano da universidade con competencias para ditar a resolución e un seguimento da decisión adoptada.

Suspendeuse a incoación de tres expedientes que foron presentados por membros do PDI (1) e do estudiantado (2). No primeiro caso tratábase do recoñecemento dos efectos dun sexenio de transferencia e, no caso dos estudantes, un asunto estaba centrado na avaliación dunha materia e outro no proceso electoral a delegado/a de curso nun centro.

Cadro resumo

Sector	Campus	Sexo	Asunto	Observacións
PDI	Vigo	Home	Sexenio de transferencia	
Estudantes	Vigo	Muller	Avaliación	Expediente 1/21
Estudantes	Ourense	Home	Eleccións a delegado de curso	

4. Consultas

Como xa se adiantou, no ano 2020 houbo un aumento das consultas, derivado da situación de pandemia; a maior parte delas foron realizadas polo sector dos estudantes e a través do correo electrónico. En concreto, tal e como se reflicte seguidamente, 49 consultas corresponden ao sector de estudantes, 1 foi realizada por un membro do PAS e as 12 restantes por membros do PDI.

Estas consultas deron lugar a un procedemento informal, máis rápido e áxil ca o propio dos expedientes incoados, que supón un labor de recompilación dos antecedentes do asunto de que se trate cos servizos ou órganos implicados e a realización de todas as actuacións precisas para resolver a cuestión suscitada. Nalgunhas ocasións foi necesaria a apertura dun procedemento formal, o que levou á apertura do correspondente expediente; en concreto, cómpre reflectir que das 62 consultas recibidas, 8 levaron á posterior apertura de expediente e de 4 delas derivaron 4 recomendacións (2020/6, 2020/7, 2020/9 e 2020/13). Ademais, hai que sinalar que as recomendacións 2020/4 e 2020/5 derivan de dúas consultas realizadas polo sector do estudantado no ano 2019.

4.1. Estudantes

Tratáronse 49 consultas do colectivo de estudantes, das cales 40 se recibiron por correo electrónico, 5 mediante entrevista e 4 por teléfono.

Data	Asunto	Campus	Centro
09/01	Prácticas	Pontevedra	Escola Universitaria de Enfermaría da Deputación Provincial de Pontevedra
16/01	Avaliación por compensación	Vigo	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación
10/02	Trámites administrativos: solicitude de plans de estudos selados	Vigo	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
14/02	Programa de doutoramento: asignación de director de tese de doutoramento	Pontevedra	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
17/02	Avaliación por compensación	Vigo	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación
05/04	Matrícula: taxas	Vigo	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
14/04	Desenvolvemento da docencia e avaliación de materias	Pontevedra	Facultade de Fisioterapia
26/04	Conflitos interpersoais entre membros do sector dos estudantes	Vigo	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
01/05	Solicitude de información sobre o volume de reclamacións derivado da situación da pandemia	Vigo	Consello de Estudantes
21/04	Estudiantado incluído no programa PIUNE	Vigo	Outros
10/05	Avaliación continua	Vigo	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
05/05	Avaliación continua	Vigo	Escola de Enxeñaría Industrial
12/05	Realización de exames	Vigo	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

13/05	Matrícula: devolución de taxas	Vigo	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
	Estudantado incluído no programa PIUNE	Vigo	Outros
09/06	Criterios de corrección	Vigo	Escola de Enxeñaría de Telecomunicación
09/06	Cualificación de materias	Pontevedra	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
10/06	Exames: adiamento	Vigo	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
11/06	Exames: recuperación de materia	Ourense	Facultade de Ciencias
15/06	Cualificación de materias	Vigo	Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa (IESIDE)
18/06	Avaliación: renuncia á convocatoria de avaliación para subir nota	Ourense	Facultade de Dereito
18/06	Bolsas	Vigo	Escola de Enxeñaría Industrial
29/06	Exames: adiamento	Vigo	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
07/07	Acceso: mestrado en profesorado	Vigo	Facultade de Bioloxía
09/07	Acceso: mestrado en profesorado	Vigo	Facultade de Bioloxía
09/07	Criterios de corrección	Ourense	Escola Universitaria de Enfermaría
03/07	Criterios de corrección	Ourense	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
10/07	Cualificación de materias: mestrados interuniversitarios	Vigo	Facultade de Bioloxía
20/07	Avaliación por compensación	Vigo	Escola Universitaria de Profesorado de EXB
22/07	Avaliación por compensación	Vigo	Facultade de Ciencias do Mar
23/07	Acceso: mestrado en profesorado	Vigo	Facultade de Bioloxía
27/07	Acceso: mestrado en profesorado	Vigo	Facultade de Bioloxía
27/07	Estudantado incluído no programa PIUNE	Vigo	Outros
27/07	Cualificación de materias	Vigo	Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo
29/07	Solicitud de información sobre reclamación no centro	Vigo	Escola Universitaria de Estudos Empresariais
29/07	Acceso: programa de doutoramento	Vigo	Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao
10/08	Premios	Pontevedra	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
01/09	Extinción de plan de estudos	Pontevedra	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación
02/09	Traballo de fin de grao	Pontevedra	Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte
11/09	Matrícula. Plan de estudos novo, polo que non se pode matricular en materias de 2.º curso despois dos recoñecementos solicitados	Pontevedra	Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación
16/09	Matrícula. Plan de estudos en proceso de extinción, polo que non se pode matricular dunha materia da que non estivo previamente matriculado	Pontevedra	Facultade de Fisioterapia
17/09	Solicitud de información sobre a presentación dun recurso	Vigo	Escola de Enxeñaría Industrial

21/09	Solicitud de información sobre un expediente disciplinario	Vigo	Escola de Enxeñaría Industrial
24/09	Información de procesos	Ourense	Escola Superior de Enxeñaría Informática
07/10	Matrícula: taxas do programa de doutoramento	Vigo	Facultade de Química
13/10	Información de procesos. Presentación de reclamación	Vigo	Facultade de Ciencias do Mar
28/10	Revisión de exame	Vigo	Escola de Enxeñaría Industrial
23/11	Recoñecemento de créditos	Vigo	Escola de Enxeñaría Industrial
30/11	Docencia	Vigo	Escola de Enxeñaría Industrial

4.2. Persoal de administración e servizos



Deste sector recibíuse 1 consulta sobre o adiamento dun proceso selectivo derivado da pandemia provocada pola covid-19 que realizou a persoa interesada nunha entrevista coa VU, na que solicitou a mediación deste órgano. Unha vez realizada a mesma, trasladouse a información á persoa interesada.

4.3. Persoal docente e investigador


Recibíronse 12 consultas do PDI, 10 por correo electrónico, 1 por teléfono e 1 por entrevista.

Data	Asunto	Campus	Centro
10/02	Asignación de docencia a persoal contratado posdoutoral	Vigo	Departamentos
02/04	Prácticas	Pontevedra	Escola Universitaria de Enfermaría da Deputación Provincial de Pontevedra
21/04	Aplicación da normativa de desgravacións no POD	Vigo	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
03/05	Resolución dun concurso de méritos para proveer unha praza no Mestrado en profesorado	Ourense	Facultade de Historia
20/05	Certificado para desprazamento a unha institución estranxeira	Vigo	Outros
22/06	Requisitos e criterios de prelación para a convocatoria do Plan de retención de talento 2020 da Universidade de Vigo	Vigo	Outros
23/06	Revisión das actuacións desenvolvidas pola universidade que levaron a modificar as cualificacións de estudantes	Vigo	Departamento de Matemática Aplicada
09/07	Posible responsabilidade disciplinaria pola actitude do estudiantado	Vigo	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
11/09	Impartición de docencia non presencial	Vigo	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
13/09	Docencia non presencial de estudiantado en corentena	Vigo	Facultade de Bioloxía
23/10	Notificación de incompatibilidade para a contratación como profesorado asociado que non cumpre cos requisitos	Vigo	Servizo de Persoal Docente e Investigador
17/11	Exames. Adiamento dun exame por motivo de corentena	Vigo	Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Cadros estatísticos




Medio de realización da consulta



Temática do estudantado



Temática do PDI



Estudantes por centro



5. Recomendacións

RECOMENDACIÓN	EXPEDIENTE/CONSULTA	ÓRGANO/SERVIZO DESTINO	DATA ENVÍO	CONTIDO
2020/1	Expediente 22/19	Xerenta/Vicerreitoría de Planificación	30/01/2020	Interconexión dos programas de xestión contable (MUS) e de xestión de investigación (SUXI) co obxecto de mellorar a xestión económica dos proxectos e dos contratos de investigación e facilitarlles aos investigadores/as a información necesaria en relación cos seus proxectos de investigación. Na resposta da Xerencia reflíctese o estado da interconexión dos programas que permite realizar o seguimento económico dos proxectos e das actividades, polo que a incidencia está resolta
2020/2	Expediente 22/19	Xerenta/Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesouraría	30/01/2020	Adopción de medidas para evitar incidencias na liquidación dos contratos do artigo 83 da LOU con vixencia en dous orzamentos diferentes e mellorar a xestión económica deles. Na resposta do Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesouraría indícase que o órgano competente para adoptar medidas de xestión é a Xerencia e informa que se están a realizar transferencias de crédito para atender as incidencias obxecto da recomendación. Por parte da Xerencia, o 02/09/2020 recíbese a resposta, na que indica que para evitar estas incidencias a universidade dotou dun crédito á aplicación orzamentaria correspondente para atender ás liquidacións destes contratos
2020/3	Expediente 2/20	Reitor	14/02/2020	Campañas de sensibilización que eviten un trato discriminatorio cara á atención das persoas con discapacidade, dirixidas á comunidade universitaria en xeral e, en particular, ao persoal de administración e docente
2020/3	Expediente 2/20	Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado/Xerencia	14/02/2020	Aprobación dun procedemento de selección de persoal con cargo a proxectos de investigación que lle permita ao Servizo de PDI ter en conta posibles excepcións ao réxime de incompatibilidade ao amparo do artigo 6 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e docente
2020/4	Consulta de estudantes 2019	Dirección da Escola Superior de Enxeñaría Informática	18/02/2020	Publicación da información relativa ao Mestrado en enxeñaría informática na páxina web do centro dunha forma facilmente comprensible, en especial o relativo aos complementos de formación. A información modificouse seguindo a normativa vixente
2020/5	Consulta de estudantes 2019	Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao	18/02/2020	Traslado da información relativa á modificación dos plans de estudos desde o Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao á área académica de mestrado e de doutoramento afectada. Recibiuse a contestación o 22/07/2020, na que se reflicte que o atraso do traslado da citada información se debeu á situación da pandemia e que se estaba emendando o erro
2020/6	Consultas de estudantes de datas 16/01 e 17/02	Dirección da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	02/03/2020	Publicidade dos criterios de interpretación e de aplicación por parte da comisión de compensación do Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación dos criterios de resolución por avaliación por compensación previstos no punto 4.2 da normativa. Recibiuse a contestación do centro o 23/03/2020 coa que trasladan os citados criterios
2020/7	Consulta de estudantes de datas 16/01 e 17/02	Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria	02/03/2020	Concreción dos criterios de concesión do apto por compensación en titulacións que dean acceso a unha profesión regulada na futura normativa que regule a avaliación por compensación en estudos de grao. Recibiuse a contestación da vicerreitoría o 24/07/2020, na que se reflicte que este mecanismo de avaliación será obxecto de estudo e, de ser o caso, concreción, na futura normativa de avaliación da Universidade de Vigo

2020/8	Expediente 3/20	Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado	13/05/2020	Inclusión na Normativa de dedicación e recoñecementos docentes do profesorado dunha disposición que lles permita a redución da capacidade docente ás persoas que por estar en excedencia temporal ao abeiro da Lei da ciencia poidan xustificar que non puideron solicitar un sexenio decisivo no cómputo da súa dedicación
2020/9	Consulta de estudante de data 11/06	Decanato da Facultade de Ciencias/Profesorado responsable da materia	18/06/2020	Posibilidade do estudantado que na primeira oportunidade de exame (xuño) non supere a materia, de ser avaliado na segunda oportunidade (xullo) de todas as súas partes, de conformidade coa guía docente
2020/10	Expediente 5/20	Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos Públicos	21/07/2020	Na próxima convocatoria das Bolsas Santander Progreso deben incluírse todos os condicionantes da concesión da bolsa, incluídos, de ser o caso, os de carácter económico
2020/11	Expediente 4/20	Reitor	31/07/2020	Inclusión en todas as decisións da motivación necesaria que permita a súa fiscalización e se sigan as canles establecidas polas normas de aplicación para garantir a seguridade xurídica
2020/12	Expediente 4/20	Xerencia	31/07/2020	Adopción de todas as medidas de seguridade necesarias para garantir a realización das probas selectivas para ingresar na escala de xestión, subgrupo A2, por promoción interna, na data fixada no mes de setembro
2020/13	Consulta de PDI de data 23/06	Reitor	01/09/2020	Apertura dun proceso de revisión de oficio en relación coas actuacións desenvolvidas pola universidade que levaron a modificar as cualificacións dunha materia de dous membros do estudantado. Recibiuse unha resposta por parte da Secretaría Xeral o 12/02/2021 e da Reitoría o 15/04/2021, na que se reflicte que non é preciso atender a recomendación
2020/14	Expediente 7/20	Reitor	11/09/2020	Adopción de medidas en relación coa actuación dun membro do profesorado sobre o posible incumprimento da obriga contida no artigo 12 do Regulamento de estudantes
2020/15	Expediente 7/20	Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria	11/09/2020	Asignación dunha bolsa para a compensación do pagamento da matrícula
2020/16	Expediente 11/20	Departamento de Deseño na Enxeñaría	08/10/2020	Motivación da decisión de non nomear a comisión para revisar exames e, no caso de que se nomee, que se reflicta a súa composición. Logo de nomear a comisión, na súa decisión deben constar os argumentos para manter ou non a cualificación da materia obxecto da reclamación
2020/17	Expediente 15/20	Departamento de Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde	05/11/2020	Motivación da decisión de non nomear a comisión para revisar exames e, no caso de que se nomee, que se reflicta a súa composición. Logo de nomear a comisión, na súa decisión deben constar os argumentos para manter ou non a cualificación da materia obxecto da reclamación
2020/18	Expediente 21/20	Secretario xeral	23/11/2020	Adopción das medidas oportunas para dar de alta a Universidade Vigo no Rexistro Electrónico de Apoderamentos (REA)
2020/19	Expediente 18/20	Departamento de Historia, Arte e Xeografía	01/12/2020	Motivación da decisión de non nomear a comisión para revisar exames e, no caso de que se nomee, que se reflicta a súa composición e que na súa decisión consten os argumentos para manter ou non a cualificación da materia obxecto da reclamación
2020/20	Expediente 16/20	Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao	01/12/2020	Concreción, xunto coas áreas académicas de posgrao de Ourense, Pontevedra e Vigo, así como coa propia coordinación do Mestrado en profesorado, de criterios de admisión claros e coherentes para todas as áreas académicas implicadas, así como a súa publicación na convocatoria anual de matrícula

2020/21	Expediente 21/20	Vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria	15/12/2020	Adaptación da normativa de recoñecemento de créditos ao contido do artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no sentido de non requiririlles ás persoas interesadas a presentación de documentación da que xa dispón a propia universidade
2020/22	Expediente 21/20	Dirección da Escola de Enxeñaría Industrial	15/12/2020	Adaptación do Procedemento P002 de recoñecemento de créditos ao contido do artigo 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no sentido de non requiririlles ás persoas interesadas a presentación de documentación da que xa dispón a propia universidade
2020/23	Expediente 22/20	Decanato da Facultade de Dereito	22/12/2020	Adopción das medidas oportunas por parte do decanato do centro para facilitarlle ao estudantado desconforme coa cualificación que se presenten a unha nova proba de tipo test axustada ao previsto na guía docente e debidamente anunciada con antelación

6. Relacións institucionais e actividade exterior

No ano 2020, debido á situación da pandemia, as actividades institucionais e de exterior da VU non se puideron realizar de forma presencial, pero desenvolvéronse de xeito telemático. En concreto, tiveron lugar de xeito virtual as seguintes actividades:

- XIII Asamblea ordinaria da CEDU (6/11/2020)
- Jornada técnica: trabajo, conciliación y covid-19. ¿Qué nos espera a la vuelta? (19/06/2020)
- Reunións da comisión executiva (12/04/2020 e 26/05/2020)

A VU forma parte das seguintes organizacións:

■ Conferencia Estatal de Defensores Universitarios de España (CEDU)

O TG é membro fundador desta organización, creada o 26 de outubro de 2007, e que agrupa máis de setenta defensorías universitarias. A CEDU constitúese como o principal axente dinamizador no ámbito estatal deste colectivo ao promover diversas iniciativas, algunhas xa plenamente consolidadas e cunha periodicidade fixa, e outras de carácter conxuntural, asociadas a acontecementos concretos ou ligados á actualidade.

■ Red de Organismos Defensores de los Derechos Universitarios (REDDU)

Creouse en 2005 a partir da integración de universidades mexicanas (asociados regulares), aínda que tamén admite defensores/as doutros países europeos, americanos e latinoamericanos, que se integran como asociados honorarios (o TG ten tal condición), asociados asimilados e observadores. É a organización máis activa na área latinoamericana, polo que constitúe un valioso enlace para comunicarse cos defensores/as de toda a rexión.

■ European Network of Ombudsmen in Higher Education (ENOHE)

Creouse en 2003 por iniciativa de Kristl Holtrop, *ombudsman* da Universidade de Ámsterdam, e está aberta especialmente a todas as defensorías universitarias de Europa, pero da que tamén poden formar parte outras defensorías non europeas. O seu obxectivo principal é compartir coñecementos e experiencias, e fortalecer a institución para mellorar o goberno dos sistemas universitarios. O TG participa regularmente nos encontros anuais que se convocan desde hai unha década para debater temas relacionados coa axenda das defensorías universitarias e coa aplicación do espazo europeo de educación superior.

■ Rede de Defensores Universitarios de Galicia (Reduga)

Creouse en 2013 para potenciar as relacións entre as tres valedorías universitarias galegas.

■ Provedores do estudante das universidades públicas da rexión norte de Portugal/valedores do SUG

No ano 2019 celebrouse o I Encontro entre os Provedores do Estudante da Rexión Norte de Portugal e os Valedores Universitarios do SUG, no que se asinou un Protocolo de colaboración para potenciar a relación entre os respectivos órganos de defensa.

■ Red Iberoamericana de Defensorías Universitarias (RidDU)

En xuño de 2015, nun encontro bilateral na Universidad Politécnica de Madrid, entre representantes da Conferencia Estatal de Defensores Universitarios de España (CEDU) e da Red de Defensores y Procuradores Universitarios de México (REDDU), acordouse sentar as bases para crear e impulsar unha Red Iberoamericana de Defensorías Universitarias. A fin de coordinar os citados traballos e continuar co proceso constituínte iniciado, créase en 2017 unha comisión de coordinación integrada por titulares de defensorías de distintos países, da que formou parte o presidente do TG. No ano 2018 tivo lugar o I Encuentro de la Red Iberoamericana de Defensorías Universitarias, encontro fundacional que tivo lugar na Universidade de Córdoba (Arxentina) os días 12, 13 e 14 de setembro e no que o presidente do TG foi nomeado o seu primeiro coordinador.

7. Execución do orzamento

A VU dispón dunha dotación orzamentaria específica para xestionar os seus créditos de gasto. No exercicio 2020 tivo un orzamento de 12.000 €, distribuídos segundo se indica na táboa. Incorporárase unha columna á dereita para especificar a contía dos gastos realizados en cada unha das clasificacións económicas dotadas.

Orgánica: 00TG Tribunal de Garantías - Funcional: 421S							
Artigo	Cto.	Subcto.	Denominación do gasto	Subcto.	Cto.	Artigo	Gastos
			CAP. II. GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS				
22			Material subministración e outros			8.000 €	252,95 €
	226		Gastos diversos			8.000 €	252,95 €
		226.01	Atencións protocolarias	2.000 €			0,00 €
		226.02	Publicidade e propaganda	1.500 €			0,00 €
		226.09	Cotas de organismos	1.500 €			225,00 €
		226.99	Outros gastos	3.000 €			27,95 €
23			Indemnización por razón de servizos			4.000 €	0,00 €
	230		Axudas de custo e locomoción			4.000 €	4.000,00 €
			Total capítulo II			12.000 €	252,95 €
			TOTAL CRÉDITOS			12.000 €	252,95 €
			REMANENTE				11.747,05 €

8. Comentario e reflexión final

No ano 2020 o número de expedientes tramitados con respecto ao ano anterior foi similar (24 en 2020, 23 en 2019).



De todos os xeitos, o mantemento no número de expedientes incoados contrasta co aumento considerable de consultas presentadas de xeito informal, tal e como se reflicte nas páxinas anteriores. Sen dúbida, a situación sanitaria provocada pola covid-19 mudou a forma de comunicar as queixas e as incidencias por parte dos membros da comunidade universitaria e tamén incidiu na forma de tramitalas e de resolvelas, cunha maior axilidade e sen a formalidade propia dos expedientes.

Non obstante, a situación sanitaria non supuxo, con carácter xeral, un cambio significativo da tipoloxía dos asuntos, que se debeu, en gran medida, ao gran esforzo realizado por toda a comunidade universitaria para adaptarse a unha situación moi complexa para todos e todas.

Como todos os integrantes da universidade, desde a VU atopámonos coa dificultade engadida do compoñente virtual dos asuntos que, en moitos casos, fixo máis complicada a súa tramitación e resolución.

No que atinxe á distribución por sectores, a maioría dos expedientes refírense ao estudiantado (79 %), seguido a bastante distancia polo profesorado (17 %) e polo persoal de administración e servizos (4 %). Outro tanto acontece coas consultas, das que o 79 % proceden do estudiantado, o 19 % corresponden ao profesorado, mentres que as do persoal de administración e servizos só representan un 2 % do total das recibidas.

Na distribución por campus, mantense un comportamento parecido ao de anos anteriores, cun claro predominio de expedientes tratados no campus de Vigo (79 %), seguido a bastante distancia polos campus de Ourense (17 %) e de Pontevedra (4 %). Algo similar acontece coas consultas recibidas; as do campus de Vigo supoñen un 74 %, seguidas polas procedentes dos campus de Pontevedra (16 %) e de Ourense (10 %).

Na división por sexos, apréciase unha porcentaxe similar entre os expedientes instados polo colectivo feminino (50 %) e polo masculino (46 %). O 4 % restante corresponde a reclamacións feitas conxuntamente por persoas de ambos os sexos. Isto contrasta coas consultas, nas que a porcentaxe das presentadas polo colectivo masculino é do 60 %, fronte ao do feminino, o 37%, e o 3 % que resta corresponde ás consultas efectuadas por ambos os sexos.

Os principais motivos que levaron a abrir expedientes no sector do estudantado están relacionados con reclamacións relativas á revisión de cualificacións de materias de grao.

Outros motivos de queixa refírense ao recoñecemento de créditos, á desconformidade co desenvolvemento de exames, á denegación da avaliación por compensación e á desconformidade co desenvolvemento da docencia, ademais de coa emenda da documentación de acceso a titulacións de mestrado.

Os motivos máis recorrentes nas consultas son os relacionados con cuestións relativas ao acceso e á matrícula en titulacións oficiais, así como a petición de información sobre os procesos administrativos. Tamén teñen gran relevancia as que tratan sobre a realización de exames, cualificación de materias, criterios de corrección e avaliación por compensación e extinción de plans de estudo.

Polo que respecta ao sector do PDI, as causas que motivaron as reclamacións presentadas foron a resolución dun concurso público de méritos, a aplicación da Normativa de dedicación e recoñecementos docentes, a discriminación por discapacidade na contratación e, finalmente, a vulneración de dereitos.

As consultas deste sector teñen a súa orixe, principalmente, no desenvolvemento da docencia e dos exames. Tamén se recibiron consultas relacionadas coa selección do persoal, coa cualificación de materias, con comportamentos do estudantado, co desenvolvemento das prácticas, coa solicitude de documentación e coa vulneración de dereitos laborais.

En relación co sector do PAS, tanto o expediente aberto como a consulta realizada refírense ao adiamento de distintos procesos selectivos.

Outra actuación con especial incidencia no ano 2020 é a relacionada coas **recomendacións e propostas formuladas**, que derivan tanto das reclamacións ou das queixas presentadas coma das consultas recibidas na VU. Centráronse en cuestións que teñen moita incidencia no día a día da nosa comunidade relativas tanto ao estudantado coma ao PDI e ao PAS. Para coñecer o grao de cumprimento das recomendacións, a VU fixo un seguimento das mesmas, como se reflicte nesta memoria; con carácter xeral pode dicirse que a maioría foron atendidas polos órganos académicos aos que se dirixiron.

Non se pode rematar esta memoria sen facer mención a que a situación vivida durante o ano 2020 evidenciou varios retos que a universidade debe afrontar sen moita dilación; non se trata de novas necesidades da nosa comunidade universitaria, senón que durante a crise sanitaria remarcou a urxencia da súa regulación. Trátase, dun lado, do desenvolvemento dos artigos 78.h), 95.i) e 64.k) dos Estatutos da Universidade de Vigo, relativos ao dereito de conciliación da vida laboral e familiar do persoal docente e investigador, do persoal de administración e servizos e do estudantado, co obxectivo de acadar unha universidade máis igualitaria. Doutro, da necesidade de aprobación dun regulamento de avaliación e cualificación do estudantado que

de a resposta a algunhas das recomendación que desde esta VU se dirixiron ás autoridades académicas e dun regulamento do persoal docente e investigador que dea unha axeitada resposta ás necesidades deste sector da comunidade universitaria.

A maiores, tal como xa se sinalou nas memorias precedentes, é necesario seguir avanzando na implementación na nosa universidade dunha auténtica administración electrónica que facilite o traballo diario de todo o persoal, tanto docente e investigador como de administración e servizos, e tamén do alumnado, que unifique e simplifique os procedementos administrativos existentes.

VALEDORÍA UNIVERSITARIA
Edificio Filomena Dato, 2.º andar
As Lagoas, Marcosende, s/n
36310 Vigo
 986 813 829 / 986 813 830
secvaledora@uvigo.es
www.uvigo.gal